

Informe da Directora

Xunta de Escola, 28 de abril de 2023

1 Reunións de traballo

- 13 de marzo. Asistencia da directora e o Enlace de Igualdade da Escola ao seminario organizado polo Consello da Cultura Galega “*Humanismo e Tecnoloxía*”.
- 17 de marzo. Asistencia da directora á reunión de traballo coas persoas representantes da COMG, para valorar actividades de colaboración.
- 20 marzo e 14 de abril. Reunións da directora para o desenvolvemento do convenio de colaboración RAI-CODEIME.
- 21 de marzo. Asistencia da directora á sesión informativa convocada polo delegado da Universidade na CIUGA.
- 21 de marzo. Reunión do equipo directivo coa Vicerreitora de Extensión Universitaria no marco da rolda de presentacións que está a facer polos centros.
- 13 de abril. Reunión do equipo directivo coa Vicerreitora de Internacionalización e o Director de Relacións Internacionais, dentro da rolda de contactos que se están facendo con tódolos centros para informar das estratexias de traballo, problemáticas actuais de cada centro, etc.
- 24 de abril. Asistencia da directora á reunión da CODEIME (Conferencia de Directores/as de Escuelas de Ingeniería de Minas y Energía de España).

Agradécese o traballo realizado polas persoas que participaron nestas actividades.

2 Internacional

O 15 de Marzo tivo lugar unha reunión da directora e Francisco Deive co director de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo e con representantes das universidades Católica do Norte e Federico Santa María (Chile) e a universidade do Chimborazo (Ecuador) para por en marcha o proxecto Erasmus KA171 con dúas mobilidades de profesorado (unha entrante e outra saínte) e dúas mobilidades de alumnado (unha entrante e outra saínte).

Agradécese a Francisco Deive o seu labor como responsable de RRII do centro.

3 Actividades de Divulgación Científica

3.1 Sesións informativas graos (a través do SIE)

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante
17/03/2023	IES do Castro (Vigo)	2ºBach	40	María Araújo
27/03/2023	IES Santo Tomé de Freixeiro (Vigo)	2º Bach	16	Francisco Deive
27/03/2023	IES de Mos (Mos)	2º Bach	8	Francisco Deive
27/03/2023	CPR Divino Salvador (Vigo)	4º ESO	18	Francisco Deive

12/04/2023	Campus Spain	Bach-FP	40	Raquel Pérez
13/04/2023	IES Pedras Rubias (Salceda de Caselas)	2º Bach	7	Raquel Pérez
26/04/2023	IES A Basella (Vilanova de Arousa)	1º Bach	15	Raquel Pérez

3.2 Conferencias nos IES

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
17/03/2023	IES de Fene (Fene)	1º e 2º ciclos da ESO		Elena Alonso	Muller na Enxeñaría
17/03/2023	IES Coruxo (Coruxo)	2º Bach	40	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Óptica Xeométrica
23/03/2023	IES Antón Alonso Ríos (Tomíño)	2º Bach	18	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Óptica Xeométrica
24/03/2023	IES Antón Losada Diéguez (A Estrada)	2º Bach	10	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Óptica Xeométrica
27/03/2023	IES Urbano Lugo (A Coruña)		36	Carlos Pérez	Cambio climático
29/03/2023	IES Plurilingüe de Ames (Ames)	1º e 2º Bach	54	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Óptica Xeométrica
31/03/2023	EPAPU Nelson Mandela (A Lama)	2º Bach	10	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Eficiencia Luminosa e Espectroscopía
31/03/2023	IES Urbano Lugo (A Coruña)	1º e 2º Bach	36	Elena Alonso	Aspectos medioambientais na explotación de recursos mineiros
31/03/2023	IES Valadares (Valadares)	3º ESO	90	Raquel Pérez	Intelixencia Artificial
11/04/2023	IES A Basella (Vilanova de Arousa)	2º Bach	10	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Óptica Xeométrica
12/04/2023	IES A Xunqueira 2 (Pontevedra)	2º Bach	15	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Óptica Xeométrica
13/04/2023	IES de Vilalonga (Sanxenxo)	1º e 2º Bach	60	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Interferencia
17/04/2023	IES Canido (Ferrol)	1º Bach	38	Francisco Deive	Graos
19/04/2023	IES A Xunqueira 2 (Pontevedra)	3º ESO	100	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor
20/04/2023	IES Manuel Chamoso Lamas (O Carballiño)	4º ESO e 1º Bach	45	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor
20/04/2023	IES Nº 1 (O Carballiño)	3º ESO	100	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor
21/04/2023	IES Santa Irene (Vigo)	1º e 2º ESO	180	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor
26/04/2023	IES Antón Alonso Ríos (Tomíño)	3º e 4º ESO	60	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor

3.3 Aula Aberta á TecnoCiencia

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
16/03/2023	IES A Xunqueira 2 (Pontevedra)	1º Bach	42	Jesús Rico e Javier López; Benito Vázquez; Ana Larrañaga e Amanda Franco	Intelixencia Artificial Física Re-creativa Combustión
17/03/2023	IES A Xunqueira 2 (Pontevedra)	4º ESO e 1º Bach	32	Jesús Rico e Javier López; Ana Larrañaga e Amanda Franco	Intelixencia Artificial Combustión
22/03/2023	CPR Santiago Apóstol (Soutomaior)	1º e 2º Bach	50	Ana Larrañaga; Xurxo Rigueira	Combustión Materiais
14/04/2023	IES O Pino Mando (O Porriño)	1º Bach	35	Fran Deive; María Pazo	Enx. Química Materiais

3.4 Taller recoñecemento Minerais

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Lugar
29/03/2023	CPR Santiago Apóstol (Ponteareas)	4º ESO	55	Teresa Rivas e Paula Vázquez	IES
25/04/2023	Colexio bilingüe Marcote (Mondariz)	1º Bach	15	Teresa Rivas e Enrique Alonso	EME

3.5 Participación en Feiras

3.6 Xornadas de Portas Abertas

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Laboratorios visitados
27/03/2023	IES Valadares	4º ESO	55	María Pazo Pablo del Río Daniel Lamas Xavier Simón Raquel Pérez Andrés Cristóbal	GESMIN GeoTech GTE Mecánica de Rochas

3.7 Outras actividades

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade	Lugar
18/03/2023	IES Francisco Aguiar (Betanzos)	1º Bach	15	Francisco Deive e Raquel Pérez	Xornada de orientación– Información sobre os Graos	IES
30/03/2023	IES Valadares (Valadares)	3º ESO	50	Elena Alonso e Generosa Fernández	Mulleres na Ciencia e na Tecnoloxía	IES

Agradécese ás persoas que participaron nas actividades de divulgación e a Raquel Pérez o labor de coordinación destas actividades.

4 STEMBach

O alumnado STEMBACH do bienio 2021-2023 está presentando e defendendo os traballos na Escola.

IES	Data defensa	Título	Titor/a na UVIGO	Alumnado	Profesorado da EME no tribunal
IES Plurilingüe A Paralaia	10 abril	Ensaio con motor Perkins	Raquel Pérez e David Patiño	Raúl Piñeiro, Álvaro Justo e Lía Barcia	Francisco Deive
	10 abril	Fabricación de electrónica para arpas eléctricas		Estevo Santamarina e Miguel Moledo	
IES Valadares	17 de marzo	Estudo da influencia dos parámetros operativos nas emisións de gases dos MCI alternativos	David Patiño	Pedro Costas, Daniel Costas e Xíán Torres	Pablo Eguía
IES Aquis Celenis	29 de marzo	Avaliando e conservando o <i>Street art</i> da túa zona	Iago Pozo	Inés Blanco, Paola Díaz y Ana Gómez	Elena Alonso

Agradécese ás persoas titoras dos traballos STEM e ao profesorado que participa nos tribunais de avaliación o seu traballo.

5 Actividades académicas

O 31 de Marzo de 2023 estaba prevista unha saída á antiga mina de Meirama co estudiantado de 2º dos graos da EME, pero debido a unha folga de transportes tívose que cambiar ó 28 de abril, pero novamente foi anulada debido á convocatoria doutra xornada de folga.

Do 24 de abril ata 27 de abril: tivo lugar a viaxe fin de grao do alumnado da EME a Reganosa e Mina Sonia (Coruña), Central Hidroeléctrica de Belesar (Lugo), Arcelor Mittal (Asturias) e Central Térmica de EDP en Aboño (Asturias).

Agradécese a Francisco Deive a organización destas actividades e o labor de Ana Rodríguez e Francisco Deive acompañando ao alumnado no viaxe de estudos.

6 Normativa

Infórmase da entrada en vigor de varias normativas, de ámbito estatal e propias da Universidade de Vigo, sobre as que se informará máis adiante en sesións convocadas pola dirección do centro.

Ámbito: Estatal. “*Ley Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, del Sistema Universitario*”

Ámbito: Universidade de Vigo

- Normas de convivencia da Universidade de Vigo
- Regulamento de réxime disciplinario do estudiantado da Universidade de Vigo
- Código ético da Universidade de Vigo
- Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado.

7 Procedementos administrativos

7.1 Configuración PDAs en SIGMA

- Procedeuse a configurar toda a información das PDAs das titulacións do centro na nova plataforma de xestión adacémica SIGMA (plataforma que substitúe a Xescampus)
- O traballo foi realizado por José Pacios, persoal da Área de Apoio a Centros e Departamentos da Escola, polo que se traslada o agradecemento da Xunta de Escola pola labor realizada.

Agradécese a colaboración no proceso de María Araújo e Carmen Romo, e a directora sinala que desde a Unidade SIGMA trasladaron os seus parabéns polo labor realizado.

7.2 Informe definitivo “Máster Xestión Sostible da Auga”

Infórmase da recepción do informe favorable de avaliación de ACSUG da titulación.

Estase a traballar na planificación e organización da docencia para a súa implantación no curso 2023-2024. Habilitouse un espazo específico na web da Escola coa información da titulación.

8 Actividades extracurriculares

Impartíronse as seguintes conferencias:

- 12 de abril. Conferencia “*Os retos da transición enerxética cara un mundo descarbonizado: perspectiva socioeconómica*” impartida polo profesor Miguel Rodríguez Méndez
- 19 de abril. Conferencia “*Desafíos da Industria Siderúrxica do Século XXI: Aceiro Verde*” impartida pola profesora Marta Cabeza Simó.

Agradécese aos conferenciantes a súa participación e a Ana Rodríguez a organización e coordinación das actividades.

9 Sistema Garantía Calidade

9.1 Participación enquisas Satisfacción coas titulacións

Ámbito	% Estudantado	% Profesorado	% Persoas egresadas
GEE	7%	37%	0%
GERME	7%	45%	0%
MUEM	25%	53%	33%
EEME	8%	44%	6%
UVIGO	12%	31%	12%

Os datos indicados na táboa son de participación a 14 de abril. Prégase aos diferentes colectivos participen na realización das enquisas, que están abertas ata o mes de maio.

Agradécese a Guillermo García o traballo realizado como Coordinador de Calidade.

10 Seguimento de persoas egresadas

Publicouse o terceiro número da revista “Materia Prima”, baixo a coordinación de Eduardo Liz, responsable do seguimento das persoas egresadas da Escola.

Agradécese o traballo das persoas que participaron na elaboración da revista e o labor de coordinación de Eduardo Liz.

11 Próximas actividades

11.1 Conferencia

Conferencia: “Voluntariado internacional e traballos fin de máster/grao en cooperación para o desenvolvemento coa ONG Enxeñaría Sen Fronteiras”.

Poñentes: Sergio Fernández Alonso e Xoel González Viéitez.

Os eixos de traballo da Asociación Enxeñaría Sen Fronteiras Galicia

- Como se pode colaborar coa Asociación
- Programa de voluntariado internacional coñecendo outras realidades (neste caso contando con Xoel González Viéitez, antigo alumno da EME)
- Posibilidade de facer traballos académicos con co-tutorización de persoas de Enxeñaría Sen Fronteiras no eido da transición enerxética xusta e a sustentabilidade social e ambiental.

Lugar: Aula de Grao da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Data e hora: 12 maio de 13:00 a 14:00 h.

11.2 Cinefórum

- 2 de maio: “*Rafea: solar mama*” (Mona Eldaief, Jehane Noujaim, 2012). Este documental conta a historia dunha muller beduína, Rafea, e as súas compañeiras, que teñen a oportunidade de ser formadas nun programa do Barefoot College (India) nas ferramentas da enxeñaría que lles permitan levar a luz ás súas aldeas.
- 9 de maio: “*Picture a scientist*” (Ian Cheney, Sharon Shattuck, 2020). Narra as dificultades que encontran as mulleres científicas ao longo da súa carreira. O eixo central xira arredor da bióloga Nancy Hopkins, a química Raychelle Burks e a xeóloga Jane Willenbring que falan das súas experiencias.

Todas as proxeccións teñen lugar no museo MARCO ás 18:30.